

UNIDADE DIDÁCTICA:

Ø ÇALEÇØ NOS TELEMÓBEIS

Telemóbeis. En galego?

A actividade pode levarse a cabo nun par de sesións

Nunha primeira sesión, vanse respondendo as preguntas a man alzada mentres un alumno ou alumna (que evidentemente tamén responde) anota os resultados no taboleiro

• Cantos teñen telemóbel?

A porcentaxe de alumnos propietarios dun telemóbel vai resultar elevadísima
Aproveitamos para reflexionar sobre a importancia dos medios de comunicación

• Canto custa (aproximadamente) o seu telemóbel?

Podemos sumar o total investido polo grupo para demostrarlles que son "bos clientes", que gastan moitos cartos en telefonía móbil e que estamos falando dun produto importante que move moitos cartos

• Cada canto tempo cambian o aparello? Como conseguen os novos teléfonos?
Fixéronlles algún presente cando compraron o teléfono? Como está o mercado dos móbeis (prezos, aparellos, ofertas...)?

Con todas estas preguntas incidimos na idea da "importancia" económica do obxecto

Nesta sesión buscamos a sensibilización lingüística do noso alumnado, procurando que sexan conscientes de que como clientes teñen unha serie de dereitos, da importancia de reivindicar e da posibilidade de suxerir e lograr melloras importantes no tocante a nosa lingua.

Nunha segunda sesión todo o mundo debe traer o telemóbel á aula, hoxe vai ser o protagonista da clase.

Sacamos (e conectamos) os telemóbeis...

Escribimos unha listaxe no taboleiro coas marcas de telemóbeis que neste momento hai na aula (Alcatel, Nokia, Phillips...).

Apuntaremos cada marca e ao lado o número de persoas que teñen un teléfono desa marca.

A continuación entregamos a cada rapaz e rapaza unha copia dunha enquisa como esta para que vaian respondendo individualmente. Unha vez resolto anotamos as porcentaxes no taboleiro

O MEU TELEMÓBEL...

Ten opción lingüística? SI NON

Entre cantas linguas deixa escoller?

Cales son esas linguas:

Cantas desas linguas son peninsulares?

Aparece entre elas o galego?.....

E algunha outra lingua peninsular ademais do castelán?

Cal ou cales?

Reflexionamos:

- Que sucede coa nosa lingua?
- Que lles parece?
- Se nós somos clientes (e chegáramos á conclusión de que eramos bos clientes), con que "dereito" ignoran a nosa lingua?
- Ante esta situación... Que podemos facer?...
- É moi probábel que o catalán si apareza entre as opcións lingüísticas... por que cren que existe maior sensibilidade co caso catalán que con nós?

Propómoslles aos nosos alumnos e alumnas enviar unha carta á marca comercial correspondente preguntándolles que sucede. Ímolo facer todos xuntos de maneira que ao sermos moitos poidamos lograr algo

A continuación ofrecémosvos un modelo de carta que pode ser distribuída entre o alumnado para enviala. Correspóndese co modelo que enviaron os alumnos e alumnas do IES Esparís de Viceso (Brión) a comezos de xaneiro do presente ano, moitas compañías xa responderon ás súas cartas

Empregan o castelán nas respostas e non demostran ningún tipo de sensibilidade cara a nosa lingua, "es una cuestión técnica difícil de resolver". Diríxense ás receptoras e receptores das cartas invariabelmente en masculino, co que aumenta a indignación e compromiso das e dos "afectados". Ignoran completamente a demanda dos seus clientes

A comunicación epistolar coas compañías pode (e debe) continuar, o alumnado pode advertir que non están satisfeitos coa resposta recibida, que se senten discriminados e non entenden o motivo. Así mesmo, cónstalles que existen empresas que si dispoñen na súa oferta dunha opción lingüística en galego (Alcaltel) e están dispostos a ter esta premisa en conta na súa próxima compra

A respecto de Alcaltel (única empresa que contempla o galego?) o grupo pode redactar unha carta dándolle os parabéns, documento que pode asinar a totalidade da clase participando todos da felicitación

Recomendámosvos enviar todas as cartas xuntas, é mellor que o profesor ou profesora sexa quen se ocupe de mercar os sobres e selos de todos e mesmo de mandar as cartas, se existe unha caixa de correos preto, incluso pode ser boa idea facer "unha pequena excursión" para ir botar as cartas

Señor Presidente/a de España

Señor Presidente/a,

Son estudante de ensino medio no instituto
de Posúo un telemóbel modelo da
marca comercial que vostede representa. Son polo tanto, cliente da súa
empresa.

Diríxome a vostede para mostrarlle o meu desconcerto. Non teño posibilidade
de usar o galego na pantalla do meu teléfono. O galego é a lingua do meu país
e polo tanto tamén miña.

A carencia deste servizo fai que eu me sinta discriminado lingüisticamente e
supón para min un trato pouco axeitado como usuaria e clienta da súa
compañía. Penso que non hai ningún motivo para que entre tantas linguas
como deixa escoller o meu teléfono, non apareza a miña.

Eu, señor Presidente, quixera saber o motivo desta irregularidade, por iso fico
agardando pola súa resposta.

....., de de 2005

Un saúdo moi amábel

Asdo.

Modelo de cuestionario para que os centros devolvan á CORRELINGUA (Avda. de Lugo,2-A; 15704 Santiago de Compostela - correlingua@correlingua.org).

Profesor/a encargado/a da actividade
Centro
Localidade

Cómputo por aula

Número de alumnas e alumnos que participaron
Porcentaxe de alumnos ou alumnas propietarios dun telemóbel
Enviáronse as cartas o día
Ás empresas
Phillips cartas Panasonic cartas cartas
Nokia cartas Motorola cartas cartas
Sony..... cartas Siemens..... cartas
Número total de cartas enviadas

Compañías que responderon
.....

Comentarios

Avaliación da actividade

Enderezos das compañías

Nokia

**Camiño Cerro de los Gamos
Edificio 3
Parque empresarial Cerro de los Gamos
Pozuelo de Alarcón. Madrid**

Motorola

**Martínez Villergas, 52
28027 Madrid**

Panasonic

**Avda. Josep Tarradellas 20-30
Planta 5ª
Barcelona**

Siemens

**C/ Ourense, 2
28020 Madrid**

TSM - MOVISTAR

**Plaza de la Independencia, 6
28001 Madrid**

NEC Ibérica S.A.U.

**C./ Anabel Segura 7, 2ª Plta - Arroyo de la Vega
28108 Alcobendas - Madrid**

SAGEM COMUNICACIONES

**Don Ramon de la Cruz, 92
28006 Madrid**

MITSUBISHI

Mitsutel S.L.
Edificio Inbisa 1
Avda. de los Pirineos 7, planta 1a-9
28700 San Sebastian de Los Reyes
Madrid
info@mitsutel.com

PHILIPS

Martínez Villergas, 49
28027 Madrid

LG

Ctra. N-VI, Km 24
28230 Las Rozas
Madrid

SAMSUNG TELECOM

Fernando Rey, 3
28223 Pozuelo de Alarcón
Madrid

SONY ERICSSON

Dr. Esquerdo, 136
28007 Madrid

Ao mesmo tempo, podes enviar cartas parabenizando a ALCATEL, por ser unha compañía que programa a opción en galego en todas as súas terminais. O seu enderezo é:

Alcatel España S.A.

c/ Ramirez de Prado, 5
Madrid 28045